



ÁLVARO TRILLO

MESTRE PERCUSIÓN - JAZZ

Historial Académico

En 2016 remata a súa titulación Superior de música na Especialidade de Jazz-Batería no Conservatorio Superior da Coruña.

Posteriormente realiza o Máster universitario de Educación Secundaria na Universidade Internacional de Valencia na Especialidade de Música.

Experiencia

Toda a súa carreira profesional está marcada por un gran traballo como docente.

Foi mestre de batería por conta propia, na Asociación Alfaia de 2012 a 2014 e mestre de Batería, Percusión, Combo e Piano Complementario na Escola Municipal de Música de Oroso. Ademais tocou en diferentes grupos e se define como músico freelance desde o 2006.

O seu proxecto **Buxeiro** obtivo o premio SGAE Galicia Creativa 2015 na sección de Jazz.

Ao longo dos anos, desenvolveu unha faceta de baterista todoterreno que lle permitiu participar en numerosos proxectos, cos que obtivo **9 premios Martín Códax**.

Gravou **16 discos**: de jazz, fusión, soul, blues, folk e pop. Un destes, *Magnético-Zen* de Xoán Curiel, recibiu un premio MIN en 2013. Comparteu escenario con músicos como **Jorge Pardo, Abe Rábade, Pablo Castaño, e Antonio Bravo**.

Actualmente explora xéneros que van dende o Neo Soul ao Jazz Ambiental, pasando pola Improvisación Libre ou Pop.

Álvaro Trillo

Estuda no Conservatorio Superior da Coruña.

Gañou 9 premios Martín Códax e gravou 16 discos: de jazz, fusión, soul, blues, folk e pop. Un destes, “Magnético-Zen” de Xoán Curiel, recibe un premio MIN en 2013.

Actualmente explora xéneros que van desde o Neo Soul ao Jazz Ambiental, pasando pola Improvisación Libre ou Pop.